

ÁMBITO

Localidade	Moaña
Comarca	Morrazo
Lugar de realización	CEIP Reibón

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	17 persoas
Nº de non militantes asistentes	5 persoas
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia da localidade

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recae a explicación do proceso

A nivel local	María Ortega
Representante do Consello Nacional	Leticia Santos e Odilo Barreiro

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	2 horas 30 minutos
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Disposición asemblearia do espazo con cadeiras en semicírculo. Metodoloxía expositiva e debate dirixido.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

As Asembleas abertas levan realizándose na nosa localidade dende o inicio do proceso anterior a convocatoria das eleccións municipais de 2015. Estas convócanse cunha relativa frecuencia (aprox. 3 meses), e ademais de tratar temas da organización tamén comentanse asuntos municipais.

Nas nosas asembleas abertas participa un importante número da nosa militancia así como moitas persoas simpatizantes do BNG e persoas pertencentes a outras correntes políticas do nacionalismo de esquerdas.

Os diálogos son sempre é distendidos, respectuosos e constructivos.

Destacamos que sorprende a baixa participación nesta asemblea que consideramos consecuencia de diversos factores: bo tempo, coincidencia con eventos deportivos televisados... Non obstante, seguiremos investigando as causas desta merma na participación por se fosen debidos a problemas de discrepancia ou mala comunicación coa organización ou co grupo de goberno municipal.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

- 1.O proceso Adiante
2. Percepción do nacionalismo/BNG en Moaña.
3. Principais problemas do BNG na actualidade máis recente.
4. Temática municipal

Con carácter xeral:

1. Explicación as persoas asistentes do proceso adiante. Persoas militantes doutros partidos políticos da esquerda nacionalista indican que, a nivel nacional, o Proceso adiante é un paso atrás. Neste sentido, escoitanse críticas no sentido do emprego da expresión "refundación do nacionalismo galego". indican que o proceso adiante non é a refundación do nacionalismo galego senón a refundación do BNG. A refundación do nacionalismo galego implicaría a máis partidos e a máis persoas creando colectivos de unidade. Critícase que non se lles informara en que consistía o Proceso Adiante, de xeito específico, a determinados colectivos como IpU, GPS, colectivos de NÓS. Por parte de persoas militantes deféndese que a refundación indica que o BNG quere marcar diferencias con quen é e con quen non é nacionalista (mareas...), que é un proxecto para sumar esforzos con diferentes forzas políticas, colectivos sociais e persoas individuais.
2. É o momento de reafirmar o movemento nacionalista. Amósase unha leducia por parte das persoas presentes, sobre todo polas non militantes, de que o BNG non se entregara ás mareas. Neste sentido, en todo momento defendéronse as teses aprobadas pola Asemblea Nacional.
3. O BNG moitas veces vese arrastrado polos procesos electorais. No desenvolvemento da súa acción política non leva a teoría a praxis. Critícase o abandono que sufriron determinados colectivos e persoas que traballaron no impulso da candidatura NÓS. Algunhas voces destes colectivos mencionan que sentíronse ninguneados despois das eleccións estatais. Esta forma de actuar do BNG considérase que vai dificultar a recuperación da confianza por parte destes. Militantes do BNG indican que a intensidade da autocrítica á cal sometémonos continuamente fainos dano. Que contra os ataques de persoas simpatizantes e mesmo militantes á nosa acción política non nos defendemos coa suficiente contundencia.
4. Fíxose un resumo das últimas novas que se produciron desde a última Asemblea Aberta en relación coa situación do Paseo da Seara e a visita ao ministerio de Medioambiente por parte da Alcaldesa, Leticia Santos, e o Concelleiro de Urbanismo e Medioambiente, Odilo Barreiro. Propuxéronse diferentes accións de comunicación á veciñanza sobre os logros acadados co traballo municipal feito polo BNG.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Debatiuse sobre a conveniencia de crear grupos de traballo local con militantes e simpatizantes sobre diferentes temas de índole municipal.